



CONCELLO DE
OLEIROS

> [SECRETARÍA XERAL
Contratación e patrimonio
Expte. nº 2024/CONTRAT/000079]

RESOLUCIÓN

Mediante Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003701, de 15 de xullo; aprobouse o expediente administrativo para a contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de servizos denominado “PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES”.

Esta licitación desagregase nos seguintes lotes:

LOTE	Asunto	Importe
1	PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS DO CONCELLO DE OLEIROS	36.000,00€
2	PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.800,00€
3	PÓLIZA DE VIDA DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS	14.000,00€
4	PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS	1.300,00€
5	PÓLIZA DE ACCIDENTES DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE OLEIROS	2.500,00€
6	PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE	8.300,00€
7	PÓLIZA DE RC EMBARCACIÓNS DO CONCELLO DE OLEIROS	3.000,00€
8	PÓLIZA DE RC DE AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE OLEIROS	32.000,00€
TOTAL		99.900,00€

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 24 de xullo do 2024.

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que non se presentou ningunha oferta ao LOTE 6 “PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE”

Así, a Mesa de Contratación reunida o día 2 de agosto de 2024 propón ao órgano de contratación declarar deserto o LOTE 6 “PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE” de este procedemento ao non terse presentado licitadores.

Xa que logo, considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía 2023003281, de 21 de xuño,

RESOLVO:





CONCELLO DE
OLEIROS

> [SECRETARÍA XERAL
Contratación e patrimonio
Expte. nº 2024/CONTRAT/000079]

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento aberto convocado para a adxudicación do LOTE 6 - "PÓLIZA DE ASISTENCIA EN VIAXE DA ACTIVIDADE ORGANIZADA POLO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS DO CONCELLO DE OLEIROS VEN E DESCUBRE" do contrato denominado PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES"; dado que non se presentaron licitadores.

SEGUNDO.- Autorizar unha liberación de crédito polos importes que de seguido se citan correspondentes ás autorizacións de gasto realizadas mediante Resolución da 1ª Tenente da Alcaldía nº 2024003701, de 15 de xullo, incluída no expte. 2024/EGINT/000003:

LOTE	ANUALIDADE	PARTIDA ORZAMENTARIA	DOCUMENTO A	IMPORTE
6	2024	30.231.22400	ARC 202400027643	4.150,00 €
	2025	30.231.22400	ARCFUT1 202400027642	4.150,00 €

TERCEIRO.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Primeira Tenente da Alcaldía segundo delegación (D.A 2023003281 de data 21.06.2023), e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

